



**REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO DA TITULACIÓN DE GRAO EN PEDAGOXÍA  
DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**(Acordo da Xunta de Facultade de 22 de abril de 2016 e da Xunta de Facultade do 7 de xullo de 2016)  
(Aprobado polo Consello de Goberno da USC o 31 de xaneiro de 2017)**

**Introdución**

O Traballo Fin de Grao (TFG), tal e como recolle a normativa vixente, consiste na elaboración dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos das titulacións de Grao. Comprenderá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, selección, tratamento e elaboración de información. É un traballo final onde se deben reflectir as competencias adquiridas na titulación e, ao mesmo tempo, unha ponte cara a práctica profesional. Supón un reto que implica ao alumnado, ao profesorado e ao conxunto da Facultade no tramo final da formación académica.

**Consideracións legais (Normativa da USC aplicable)**

*Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016.*

*Instrución da Secretaría Xeral nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre revisión de traballos de Fin de Grao ou Máster.*

*Normativa do Repositorio da USC, aprobada no Consello de Goberno da USC do día 22 de decembro de 2011.*

No *Plan de Estudos do Grao en Pedagogía* da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establécese que o Traballo Fin de Grao (TFG) terá 6 créditos.

De acordo coa normativa citada anteriormente, a Xunta da Facultade de Ciencias da Educación, na súa sesión do 22 de abril de 2016 acorda aprobar a modificación Regulamento do TFG das titulacións de Graduado/a en Educación Social, Pedagogía, Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria aprobado pola Xunta de Facultade na sesión de 18 de decembro de 2013 e 18 de decembro de 2014.

**Artigo 1. Obxecto**

Regular o proceso de realización e presentación dos TFG no Grao en Pedagogía.

### **Artigo 2. Contidos e modalidades dos TFG**

O TFG consistirá na elaboración dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa axustándose ás pautas específicas de cada modalidade.

O TFG supón a realización por parte de cada estudante e de forma individual ou en grupo dun traballo orixinal baixo a supervisión dun ou máis titores académicos. A posibilidade de elaboración grupal do traballo quedará supeditada á súa inclusión na guía do TFG do Grao, na que se especificarán as pautas para o seu desenvolvemento, informe e avaliación.

Establécense tres posibles modalidades (traballo de investigación documental, traballo de iniciación á investigación e deseño dun proxecto de intervención e innovación socioeducativa). As características de cada unha delas concretaranse no programa e nas guías docente de TFG da titulación para cada curso académico.

A Comisión de Traballos Fin de Grao (CTFG) poderá propor outras modalidades, se así o estima oportuno.

### **Artigo 3. Comisión de Traballos Fin de Grao**

A Xunta de Facultade, por acordo da sesión do 22 de xaneiro de 2016, delega na Comisión Académica as competencias que a Normativa de TFG e TFM do Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016 da USC atribúe a CTFG e así, será a Comisión Académica quen estableza os procedementos de elaboración do TFG e a súa avaliación. En particular, no marco do establecido neste regulamento, terá as seguintes funcións:

- Designar un/ha coordinador/a de TFG por titulación.
- Propoñer a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual para asignación de titor/a e calendario de depósito e defensa.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e os criterios de asignación.
- Decidir sobre a modificación de liñas, temas e/ou titor/a asignado/a.
- Fixar as características xerais e as modalidades dos TFG.

- Aprobar os tribunais e sistemas de avaliación dos traballos (ante tribunal e complementaria á do tribunal).
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Aprobar os criterios de avaliación.
- Establecer as datas de depósito e defensa dos TFG.
- Calquera outra que a Xunta de Facultade lle encomende.

#### **Artigo 4. Matrícula**

A matrícula realizarase nos prazos establecidos pola USC. Para poder formalizala o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos excluídos os correspondentes ao TFG.

Para a presentación e defensa pública dos TFG será requisito necesario ter superados todos os créditos do Grao, excepto os correspondentes ao TFG. A Facultade verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data de presentación e defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de exame das materias do Grao, a/o secretaria/o da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que se informe sobre as cualificacións obtidas polo alumnado que vaia a presentar os traballos na mesma convocatoria.

A matrícula dará dereito á presentación e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das datas que se establezan para cada curso académico.

O número máximo de convocatorias que poderá empregar o alumnado será de catro. No caso de obter a cualificación *non presentado* ou *suspense* en todas as oportunidades, considerarase esgotada a convocatoria.

No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

#### **Artigo 5. Tutorización dos TFG**

Os TFG serán realizados baixo a supervisión dun titor ou titora que oriente e asista ao/á estudante. O/a titor/a programará sesións de traballo con cada estudante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor ao/á estudante as características do TFG, e de axudalo no seu desenvolvemento, na procura da consecución dos obxectivos propostos; e de emitir un informe do TFG que teña tutelado. A

Comisión Académica poderá, excepcionalmente e de forma motivada, nomear un/ha cotitor/a coas funcións que lles asigne.

O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación ou a teña impartida nos dous cursos anteriores.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen nas situacións indicadas no artigo 5 da Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG na USC.

Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Neses casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor/a que poderá ser persoal da institución na que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

#### **Artigo 6. *Propostas dos TFG***

A Comisión Académica arbitrará as medidas oportunas, dentro do seu ámbito de competencias, co fin de garantir que cada estudante en condicións de realizar o TFG poda facelo.

Estudará as propostas presentadas polas Áreas implicadas e aprobará a oferta de liñas temáticas, podendo, de estimalo conveniente, axustala, en aras a conseguir unha proposta equilibrada e publicará a lista de propostas resultante. Cada proposta irá acompañada da seguinte información:

- a) Liña temática.
- b) Titor/a responsable.
- c) Breve descrición do contido.
- d) Recomendacións ou observacións que optimizan a abordaxe da temática (p. ex. cursar determinadas materias).

#### **Artigo 7. *Asignación de propostas***

Os/as estudantes matriculados no TFG concorrirán á convocatoria de asignación de titor/a que a Comisión Académica aprobe para cada curso académico onde se establecerá a relación de titores/as, liñas de traballo, prazos, formulario de solicitude e lugar de presentación.

A asignación de propostas realizarase tendo en conta como criterio as preferencias expresadas na solicitude e tomando como criterio selectivo a media do expediente académico do/a alumno/a ao remate do curso académico inmediatamente anterior no que estivese.

Unha vez asignadas as propostas de TFG, cada estudante e o titor/a asignado deberán asinar un *compromiso de inicio do traballo* a fin de delimitar a liña e tema do traballo a realizar e que deberá

remitirse á Secretaría da Facultade no prazo que se estableza na convocatoria de asignación de titor/a de cada curso académico e conterá como mínimo a seguinte información:

- a) Título do TFG.
- b) Resumo da proposta.
- c) Sinatura do titor/a e do alumno/a e data.

#### **Artigo 8. Modificacións**

De modo excepcional, tanto o/a estudante como o/a titor/a poderán solicitar a renuncia da asignación do TFG ou o cambio de traballo baixo a mesma titorización ou asignación dun novo titor/a, mediante escrito razoado remitido á Comisión Académica e presentado na Secretaría do Decanato. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación.

#### **Artigo 9. Requisitos para o depósito e defensa do TFG**

Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superado todos os outros créditos necesarios para a obtención do título de Grao agás os correspondentes aos propios do traballo. Cada estudante solicitará o depósito e defensa do TFG nos prazos e forma establecida para cada curso académico pola Comisión Académica no programa e na guía docente do TFG de cada titulación e coa indicación expresa de se opta pola avaliación ante tribunal ou complementaria á do tribunal. A avaliación por un tribunal do traballo será requisito para optar á cualificación superior a *notable (8.0)* e á mención "*matrícula de honra*". A avaliación complementaria á do tribunal permitirá outorgar unha cualificación máxima de *notable (8.0)*.

#### **Artigo 10. Requisitos formais dos traballos**

A Comisión Académica aprobará o programa e a guía docente do TFG para cada curso académico onde se establecerán os requisitos formais do traballo e como mínimo adoptará a seguinte estrutura:

- Portada exterior na que figuren: Titulación, curso académico, Nome completo do/a alumno/a e do/a titor/a e título do traballo.
- Portada interior: O título do traballo en galego, castelán e inglés.
- Visto e Prace do titor/a para defensa do traballo.
- Índice dos capítulos e apartados.
- *Abstract* ou resumo (máx. 200 palabras) e palabras chave (5) en galego, castelán e inglés.
- Introducción .

- Desenvolvemento dos contidos en función da modalidade de TFG.
- Conclusións.
- Referencias documentais.
- Anexos, se procede.

A extensión poderá variar entre un mínimo de 30 e un máximo de 40 páxinas, computables desde a introdución ata as referencias documentais incluíndo ambas que se establecerá na guía docente de cada titulación aprobada para cada curso académico.

#### **Artigo 11. Tribunais**

Os traballos serán avaliados por un tribunal en defensa pública composto por tres profesores/as da USC que impartan docencia no Grao en Pedagogía, do que poderá formar parte o titor/a do traballo consonte ao artigo 6.4. da Normativa de TFG e TFM da USC (Consello de Goberno 10/03/2016) e, segundo acorde a Xunta de Facultade. O informe do titor terá carácter informativo sen peso específico na avaliación. Os membros dos Tribunais encargados de avaliar os TFG, e os suplentes, serán nomeados pola Comisión Académica para cada curso académico. A avaliación por un tribunal en defensa pública do traballo será requisito para optar á cualificación superior a *notable (8.0)* e á mención "*matricula de honra*".

O abeiro do artigo 6.7 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, os traballos poderán ser avaliados en defensa pública polo titor/a.

Neste suposto, o/a Titor/a será o encargado/a da avaliación e cualificación que non poderá ser superior a *notable (8.0)*.

Neste caso, a acta individualizada será asinada por: o/a coordinador/a de TFG da titulación que actuará como Presidente/a; o/a secretario/a da Facultade que actuará como secretario/a e o/a titor/a que actuará como Vogal.

#### **Artigo 12. Defensa**

A Comisión Académica aprobará e publicará e incluírá na guía docentes o calendario de depósito e defensa pública dos TFG e o procedemento de avaliación de cada curso académico.

Entre as modalidades de presentación e defensa dos traballos poderá estar calquera das propostas na Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos TFG na USC e as establecidas na guía docente do TFG da titulación para cada curso académico.

### **Artigo 13. Avaliación**

#### **A) Avaliación do traballo ante un tribunal:**

O Tribunal terá en conta na avaliación os seguintes aspectos:

- a) Relevancia do obxecto de estudo seleccionado para a profesión, tanto a nivel de coñecemento científico como de achega á práctica profesional.
- b) Xustificación da toma decisións no proceso de elaboración do TFG.
- c) Presentación escrita do TFG.
- d) Presentación oral e defensa do TFG.

A cualificación final, na que o tribunal terá en conta o informe do/a titor/a, estará integrada por:

- Valoración do TFG escrito tendo como referencia o instrumento de avaliación específico: máximo 70 %.
- Exposición e defensa do TFG: máximo 30 %.

#### **B) Avaliación do traballo ante o titor/a (Complementaria)**

A avaliación será realizada polo titor/a e terá en conta os seguintes aspectos:

- a) Relevancia do obxecto de estudo seleccionado para a profesión, tanto a nivel de coñecemento científico como de achega á práctica profesional.
- b) Xustificación da toma decisións no proceso de elaboración do TFG.
- c) Presentación escrita do TFG.
- d) Presentación oral e defensa do TFG.

A cualificación final, do titor/a estará integrada por:

- Valoración do TFG escrito tendo como referencia o instrumento de avaliación específico: máximo 70 %.
- Exposición e defensa do TFG: máximo 30 %.

### **Artigo 14. Cualificación**

A cualificación farase pública mediante os medios telemáticos establecidos na Universidade nun prazo non superior a sete días dende a súa avaliación ou ao remate do prazo de defensa establecido para cada curso académico.

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos TFG do curso académico, a Comisión Académica, decidirá e outorgará a cualificación de *matrícula de honra que corresponda* de entre aqueles traballos que obtiveran a cualificación de *sobresaliente*, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do 5% do alumnado matriculado no correspondente curso académico.

#### **Artigo 15. Revisión**

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal ou polo/a titor/a no caso de avaliación complementaria. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou.

#### **Artigo 16. Actas**

Elaborarase unha acta individual por cada estudante de TFG que deberá ser asinada por cada membro do tribunal. As actas estarán abertas e deben ser cubertas nos tres períodos (xullo, setembro e febreiro) establecidos para tal finalidade.

Os períodos de cobertura das actas serán os que se fixen no calendario académico oficial.

O alumnado matriculado que non se presentase a ningunha das oportunidades, figurará na última convocatoria do curso nunha acta conxunta coa mención "non presentado", que deberá ser asinada no caso dos TFG polo decano/a do centro. Nesta acta conxunta tamén se incorporan as mencións de "matrícula de honra".

#### **Artigo 17. Copias do TFG. Difusión**

A Facultade será depositaria e custodiará un exemplar dos TFG defendidos no formato e lugar que estableza a Comisión Académica para o seu arquivo e consulta.



A Comisión Académica, a proposta dos tribunais, poderá propoñer a difusión dos TFG que destaquen pola súa calidade, en especial os que acaden a mención de matrícula de honra. Os autores/as dos traballos propostos deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está, en todo ou en parte, suxeito a restricións, tales como cotitularidade, dereitos de propiedade industrial ou intelectual ou cláusulas de confidencialidade.

#### ***Artigo 18. Dereitos do alumnado***

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao alumno/a que o realizou. No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Os exemplares dos traballos superados quedarán no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderán ser utilizados na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo orixinal.

#### ***Disposición final***

A Comisión Académica asumirá as competencias que a Normativa de TFG da Universidade de Santiago de Compostela atribúe á CTFG que será encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento e interpretala se fose necesario.

O presente Regulamento entrará en vigor cando se publique no taboleiro electrónico da USC despois da súa aprobación polo Consello de Goberno.

#### ***Disposición derogatoria***

Queda derogado o Regulamento de Traballo Fin de Grao da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado pola Xunta de Facultade o 18 de decembro de 2013 e 18 de decembro de 2014.

